



Carta a miña nai

Asun Estévez



Carta a miña nai "

Nai, hoxe levanteime e sentín unha necesidade intensa de contarche moitas cousas, cousas que pensei tantas veces e non me atrevín a dicirche. Abúin a ventá de far en far, e vinte vir, nai, pero vinte como cando era cativa, viñas polo camiño toda enloitada, máis eu mirá-bate vestida de cores, deses cores que a min tanto me gustaban. Traías na cabeza a cesta chea de patacas, como sempre apenas dormiras para facer o teu traballo, as pingas da suor escorregaban desafiante polo túa cara. Estabas tan miudina, apenas tiñas brillo nos ollos, estaba fuxido, as bágoas derramadas iban roubándoches a luz que eu teñaba de imaxinar neles. Tantos sonos esmequizados e eu, nai, non podía facer nada.

Leubraste cando me sentaba ó teu carón? e ti pasabas as túas mans polas miñas trezas, que ben me sentía! Tiña tanto medo e tantas débidas, tiña tanta necesidade de de aloumiños. E escribía, as palabras eran o meu refuxio, escribía a todas horas e por todos os lugares e ti dicías: "esta rapaza teu a cabeza chea de paxaros!". Si, nai, tiñas razón, porque eu voaba coas merlas e mesmo ficaba con elas nun nido no ceo. Naquel lugar, nai, non tiña frío, nin fame, nin saudades. As merlas entendíanme e eu entendíanas a elas. Podería contarche centos de historias que dormen caladiñas entre as follas das maceiras. Leubraste como me gustaban as mazás? Ti sempre me traías un cesto cheo delas para min, que ben arrecendian! Erau tan doces! Sabíame o teu amor. Agora dame de conta de con que pouquindo se pode ser feliz. E penso no que foi aquela vida, cando duraban aqueles invernos, nai, correndo para a escola chea de frío, con aquelas botiñas negras que a min tanto me amolaban, leubraste? E ti dicíame: "Vai con coidadino,

non fagas isto, non fagas o outro", máis caudo dabas media volta xa me esquecera, sempre tiveren moita curiosidade e o mundo agochaba tantas cousas interesantes! E a pesar de todo o tempo pasado sigo sendo aquela rapaza travesa e curiosa, que pechaba os ollos e deitábase no lombo da lúa; non cambiei tanto, sigo a dubidar caudo me atopo nun cruce de camiños e sei que ás veces equivoícome, pero equivoícome, nai, porque eston viva. Porque respiro e vivo. E iso xa me fai sentir satisfeita. Porque loiro con unhas e dentes polo que quero, porque caio milleiros de veces e sempre logo levántame, como ti me ensinastes. Viches nai? Conseguiches dar-me moitas pequenas cousas, que eu realidade foron ás máis grandes da miña vida. Gozar sentindo o vento como bate na miña cara, ese vento do sur que eu adoro; camiñar pola herba recién cortada sentindo a humidade da terra; debuxar estrelas nas ás das borboletas. Seguir voando co paxaro descubindo outros horizontes, non hai fronteiras para min, nai, miñas mans son fortes e miñas pernas lixeiras. E ti sabes nai cauto me gustaba soñar! E imaxinaba que algún día podería contarche estas cousas a ti e tamén o mundo, e xa ves, os sonhos tamén se fan realidade. Puiden entregarche un libro, esas follas de papel con alma, ese anaquino de min, que puxen nas túas mans, esas manciñas feridas pola vida. O final, nai, o sono cumprese e ti estás o meu corazón. E son feliz porque sinto, porque teño fermosos recordos daqueles tempos duros e máxicos, porque conseguín mesturarme coas estrelas, voar o sono do vento, correr descalza pola praia envolta en auga salgada, subir os balados, camiñar polos carreiros, brincar co vagalumes.

E hoxe, nai, son unha muller valente, sintome unha heroína e encho a boca e o corazón caudo te nomeo. Nai! Que connotacións tan fermosas, que palabras tan inmensa, chea de matices e cores. Que grande é ser

a túa filla, porque ti sospeches, nai, encamiñárame pola
vida. Vente comigo axiña, dame a túa man, o niño de
merlas, nai, aínda sigue no ceo...
Agardándous.

Xosé

2. Febreiro. 2009

